

## CONVOCATORIA E BASES PREMIO DE FOTOGRAFÍA PARA A CONFECCIÓN DO CALENDARIO MUNICIPAL DE TOMIÑO PARA O ANO 2025

O Concello de Tomiño lanza o “I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA EN PLANO DETALLE-PAISAXE PARA O CALENDARIO MUNICIPAL 2025” cuxa finalidade será a confección dun orixinal calendario que o consistorio vai confeccionar e repartir este Nadal entre a súa veciñanza.

A fotografía é a mellor xanela dende a que observar as vistas dun territorio. Por iso, pretendemos recibir imaxes das nosas paisaxes. Pero tamén serán benvidas as fotografías cun plano detalle, porque os detalles marcan a diferenza e lémbrennos a importancia de mirar máis alá do que vemos a simple vista.

Por todo o anterior, queremos que as imaxes que se recollan no CALENDARIO MUNICIPAL DE 2025, sexan fotografías que captan paisaxes do noso municipio, instantes ou peculiaridades das súas xentes, costumes, curiosidades, actividades ou festas tradicionais, etc. **As imaxes poderán ir vinculadas coas diferentes estacións do ano: primavera//verán//outono//inverno.**

### **Artigo 1. Obxecto**

O obxecto da presente convocatoria é a regulación das bases do “I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA EN PLANO DETALLE-PAISAXE PARA O CALENDARIO MUNICIPAL 2025” a fin de confeccionar o calendario municipal para el ano 2025 así como a inclusión das fotografías participantes no banco de imaxes do concello.

### **Artigo 2. Finalidade.**

Este concurso ten como finalidade a confección do Calendario 2025 do Municipio de Tomiño. O calendario non se vai comercializar por parte da corporación xa que será entregado de balde entre as persoas habitantes do municipio. O premio carece de contraprestación económica.

### **Artigo 3. Persoas participantes**

Poderá participar neste concurso calquera cidadá do Estado Español ou Portugués con independencia da súa idade.

### **Artigo 4. Características e documentación para anexar á solicitude.**

- SÓ SE ADMITIRÁN FOTOGRAFÍAS DO MUNICIPIO DE TOMIÑO.
- A inscrición é gratuita.
- As imaxes deben ser orixinais, non poden incorporar elementos producidos por outras persoas
  - As fotografías presentadas non deberán ter sido premiadas con anterioridade en ningún outro concurso ou certame.
  - As persoas participantes deberán acompañar ao envío da fotografía o ANEXO I debidamente cuberto e asinado.
  - Cada fotografía irá acompañada dun título cun breve texto expositivo.
  - Medidas mínimas de 20x28 e máximas de 40x50 cm (Tamaño: 3000 píxeles no lado máis longo, cunha resolución de 300 ppp. Formato: JPG)



- Poderanse presentar un máximo de 2 fotografías por autor/a.
- Poderán ser en branco e negro, cor ou calquera tipo de técnica fotográfica.
- As fotografías presentaranse vía correo electrónico (WeTransfer ou calquera outra plataforma que permita a súa descarga con alta calidade) xunto cos datos da persoa autora segundo consta na ficha que consta nestas bases (Anexo I). As fotografías presentaranse sen sinatura, nin marca de auga.
- Os criterios para a valoración das fotos serán os seguintes: mensaxe, composición, técnica e orixinalidade, non podendo saír persoas de xeito claro nin identificable a non ser que haxa unha autorización asinada por escrito.

#### **Artigo 5. Lugar e prazo de presentación de candidaturas.**

A solicitude de candidatura ao concurso, xunto coa documentación requerida no artigo anterior, presentarse vía correo electrónico a [cultura@tomino.gal](mailto:cultura@tomino.gal) e figurará no asunto "Inscripción I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA EN PLANO DETALLE-PAISAXE PARA O CALENDARIO MUNICIPAL 2025" sendo posible tamén a presentación mediante o Rexistro Xeral no Concello de Tomiño ou a través dos medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 30/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación das candidaturas comenzará ao día seguinte á data de publicación destas bases no taboleiro do concello e rematará o 5 de novembro de 2024 ás 23:59 horas.

#### **Artigo 6. O xurado.**

1. A valoración das candidaturas efectuarase por un xurado integrado por persoas que sexan membros do equipo de goberno municipal e persoal do concello de Tomiño.
2. O xurado poderá ser asistido por persoas expertas que non terán dereito ao voto.
3. A participación neste concurso conleva á plena aceptación destas Bases e do fallo do xurado, que poderá introducir, se o cre necesario, as modificacións que estime pertinentes para o bo funcionamento do concurso.

#### **Artigo 7. Protección de datos.**

As persoas participantes no proceso comprométese a cumprir, nos termos que sexan de aplicación, todas as disposicións da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e demais normativa, en particular o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e de calquera outras normas vixentes ou que no futuro veñan a substituír e/ou a modificar a estas.

#### **8. Entrega de premios**



Quen resulte gañador/a do concurso recibirá unha comunicación de maneira persoal polo Concello de Tomiño. As imaxes premiadas serán utilizadas para confeccionar o calendario Municipal 2025. Este será o premio, xa que non existe contraprestación económica.

As fotografías finalistas pasarán a formar parte do banco de imaxes do concello, que poderá facer uso das mesmas. Todas serán difundidas coa súa autoría na galería virtual da páxina web municipal.

As persoas autoras cuxas fotografías resulten vencedoras recibirán un par de exemplares do calendario, así como unha mención na web, redes sociais e prensa referenciando a autoría da súa foto.

#### **Artigo 9. Observacións.**

Todos os dereiros das fotografías pasarán ao poder do Concello de Tomiño.

O Comité Organizador do concurso contactará coas persoas gañadoras para informalas do dictame do xurado.



**ANEXO I**

**SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO "I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA EN PLANO DETALLE-PAISAXE PARA O CALENDARIO MUNICIPAL 2025"**

Don/  
a \_\_\_\_\_,  
con DNI nº \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_  
provincia \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_ correo electrónico \_\_\_\_\_.

SOLICITA, A INSCRICIÓN NO "I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA EN PLANO DETALLE-PAISAXE PARA O CALENDARIO MUNICIPAL 2025" convocado polo Concello de Tomiño, aceptando as Bases Reguladoras do mesmo.

DECLARA ser persoa autora da obra/s que presenta, que esta/s son orixinais e inéditas e non incorporan elementos producidos por outras persoas, nin por IA (intelixencia artificial). En virtude da inscrición, a persoa participante certifica ter a autoría da fotografía e que a imaxe é unha obra propia, orixinal e inédita súa.

E DECLARA tamén, baixo a súa responsabilidade, que quen asina, reúne os requisitos previstos nas Bases Reguladoras da convocatoria e que os acepta. Asemade, declara acepta e coñece as bases:

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asinado: \_\_\_\_\_

(Deberá enviar copia do DNI da persoa asinante.)

**EXMO. CONCELLO DE TOMIÑO**

